



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA (5ª) DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO, GRUPO V, DO CONCELLO DE PONTECESO.

En Ponteceso, sendo as 10:00 horas do día 15 de abril de 2025, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso, reúnese o tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario/a de Obras e Servizos, persoal laboral fixo, grupo V.

Constitúese o tribunal nesta data e hora, asistindo os seguintes membros titulares:

Presidenta: Julia Ures Villar, normalizadora lingüística do Concello de Ponteceso

Secretaria: Mª José Sueiro Pose, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso

Vogais:

Primeiro: Rubén Pérez Cotelo, coordinador do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso

Segundo: Alejandro Rodríguez Cruz, condutor de Obras e Servizos do Concello de Ponteceso

O tribunal na sesión do día 1 de abril de 2025, logo da celebración do 2º exercicio da fase de oposición (proba práctica) acordou o seguinte resultado:

“

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts
1	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	0	26	27,18	53,18
2	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	2,4	25	18,37	45,77

Primeiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos candidatos un prazo de **cinco (5) días hábiles** (base 7.1.3), aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións á cualificación do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica).

Segundo: Fixar a data de realización do 3º exercicio da fase de oposición (**proba de galego**), para aqueles aspirantes que non acreditaron estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente e superaron os dous exercicios da fase de oposición, o **martes 15 de abril de 2025**, ás 10:00 horas no salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso”

O obxecto da reunión é a celebración do terceiro exercicio da fase de oposición (proba de coñecemento de galego), que terán que realizar aqueles aspirantes que superaron as dúas primeiras probas da fase de oposición e non acreditaron estar en posesión do certificado Celga 1 ou equivalente esixido nas bases.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Conforme á base 7.1.2 c) trátase dun exercicio que ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Está dirixido á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo/as ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO”. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos/as da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado CELGA 1, validación do curso de iniciación da lingua galega ou equivalente.

O tribunal determina que o exercicio consista nun cuestionario tipo test composto de 20 preguntas con catro respostas alternativas, sendo unha delas a correcta e 2 preguntas de reserva, relacionadas co nivel de coñecemento de galego esixido (Celga 1). Serán declarados aptos os aspirantes que teñan, polo menos, 10 respostas correctas. Os declarados non aptos quedarán excluídos do proceso selectivo. O tempo máximo para a realización da proba será de 30 minutos.

Ás 10:05 horas realízase o chamamento ao único aspirante que non acreditou estar en posesión do Celga 1 e que se corresponde con Fernando Castro Andrade, presentándose á proba. Rematada a mesma o tribunal procede á corrección do exercicio, outorgándolle a seguinte cualificación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN 3º exercicio (Proba de galego)
1	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	APTO

Polo que, concluído o proceso selectivo, e logo de ver que non se non se presentou ningunha reclamación polos aspirantes ás cualificacións do 2º exercicio da fase de oposición (proba práctica) durante o prazo outorgado, o tribunal, á vista do resultados acadados polos aspirantes nas distintas probas, acorda:

1º Elevar a definitiva a valoración do proceso selectivo (concurso-oposición) para a cobertura mediante persoal laboral fixo de unha (1) praza de operario de Obras e Servizos do Concello de Ponteceso, co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts.	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts.
1	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	0	26	27,18	53,18
2	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	2,4	25	18,37	45,77



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

2º Elevar a proposta de nomeamento a favor do aspirante que obtivo a puntuación máis alta no proceso selectivo, obtida como resultado da suma das puntuacións acadadas nas dúas fases do proceso selectivo, que se corresponde con:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 3º exercicio (Proba galego)	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts
CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	0	26	27,18	APTO	53,18

3º De conformidade co establecido na base 8ª, establécese a seguinte relación complementaria, por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso selectivo, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poder ser efectuado o nomeamento a prol da persoa que lle corresponda no caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de contratación do aspirante proposto, de acordo co disposto no artigo 61.8 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 3º exercicio (Proba galego)	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts
PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	2,4	25	18,37	Exento	45,77

4º Elevar a proposta de formación de bolsa de emprego, consonte á base 8ª do proceso selectivo, que estará composta polo/s aspirante/s que superaron os dous exercicios e non obtiveron praza:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 3º exercicio (Proba galego)	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts
PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	2,4	25	18,37	Exento	45,77

5º Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento.

6º A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá presentar no concello, no prazo máximo de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir da publicación desta acta, a seguinte documentación:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

- a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b) Permiso de conducir da clase B, en plena vixencia.
- c) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- e) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- f) Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación da documentación esixida, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, será equivalente a unha renuncia.

A presidenta do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 10:50 horas do día 15 de abril de 2025, redactándose a presente acta, que asinan dixitalmente os membros do tribunal.